


## Máis cifras para descubrir a verdade

Telefónica anuncia o pasado 14 de abril, un despido que afectará a plantilla de fixo de Telefónica España, e que supón que preto de 6.500 empregos serán destruídos, ao mesmo tempo anuncia un reparto de 450 millóns de € entre os directivos. **Premio para uns e castigo para outros?**

O presidente de Telefónica España, Guillermo Ansaldo, desvelou ante os analistas que cada punto de subida do IPC reflexado no convenio incrementaba nuns 15 millóns os custes anuais da operadora. (El economista 20-5-2011).

Pois ben, os directivos de telefónica vanse repartir 450 millóns de euros, tendo en conta que 15 millóns supoñen unha suba do 1% a toda a plantilla de telefónica España, isto significa que  $450:15 = 30$ , é dicir, os directivos repártense entre eles unha suma equivalente o 30% do salario de toda a plantilla de Telefónica España.

A rendibilidade por dividendo de Telefónica en 2010 alcanzou o 8,2%, a maior entre as 50 maiores compañías do mundo por capitalización bursátil, mentres que a análise da rendibilidade para o accionista de Telefónica durante os últimos cinco anos, mostra unha rendibilidade total acumulada do 77,1% durante o período comprendido entre o 31 de marzo do 2006 e o 31 de marzo do 2011. **E para o traballador?**



**En 1981 os gastos de persoal supoñían o 48 % dos ingresos de explotación.**


No ano 2010 os gastos de persoal ascendían a 1.845 millóns € o que supón o **13,13%** dos ingresos, que se elevaron a 14.042 millóns €.


A redución en custes de persoal foi considerable, aínda así parece que non lles chega e xa temos un novo ERE as portas.

**Ata cando?**

A baixa laboral por enfermidade, non era causa de despido nesta empresa, aínda con índices de absentismo moito máis elevados que os actuais.

**que mudou? Que fai o comité Intercentros?**






No ano 1.981 o produto de explotación supón 204.856 millóns de pesetas cunha plantilla de 60.600 empregados, o que dá unha produtividade de 3,38 millóns pesetas / empregado.

No ano 2010 os ingresos T-España son de 18.711 millóns € con 35.338 empregados, o que dá unha produtividade de 529.000€ / empregado, equivalente a 88 millóns ptas. / empregado.

**De 1985 a 2010 a produtividade por empregado, multiplícase por 14, é dicir aumentou un 1.400 %.**




Beneficio no ano 2010 = 10.167 millóns €, é dicir, en 10 anos, os que transcorren do 2000 ao 2.010, o beneficio multiplícase por 4, o que supón un incremento dun 400 %.

**En que se traduce isto?**

Para os directivos 450 millóns de premio, para os empregados, recortes e despedimentos.

**Pódese alegar todo o que se queira sobre a rendibilidade no Estado español, en Europa, en Latinoamérica, ou no grupo Telefónica, mais non parece de recibo que se é para premiar os directivos se colla un valor e se é para despedir persoal se colla outro diferente.**



Acábanse de publicar os resultados do 1ª trimestre do ano 2.011 de Telefónica España cun resultado operativo de 1.402 millóns de euros, cunha plantilla estimada de 35.338 empregados supón unha ratio de 39.600€ / empregado entre xaneiro e Marzo.

**Parécelles pouco?**

**Por certo, no mesmo trimestre deste ano, os resultados operativos de Telefónica Latinoamérica ascenden a 1.383 millóns de euros, inferiores ao resultado de Telefónica España a pesar de comparar un estado cun continente. Os de Telefónica Europa son de 223 millóns.**